



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DA CAPELA

CONCELLEIROS /ASPRESENTES:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ.
D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO
D.^a MONTSERRAT HERMIDA MONTERO
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN
D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.
D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSÉ A. MEIZOSO PAZ.

No salón de actos desta Casa do Concello da Capela, sendo as once horas do día trece de xuño de dous mil quince, concorren os Sres./Sras. concelleiros/as electos/as nas eleccións locais convocadas polo Real decreto 233/2015 do 30 de marzo de dous mil quince os Sres. concelleiros/as asistentes que se expresan na marxe, constitúen a maioría absoluta dos Sres/Sras. concelleiros/as electos, xa que sendo estes nove, concorreron á sesión o número de nove, có obxecto de realizar sesión pública de constitución da nova

Corporación Municipal conforme ao disposto no artigo 195 e ss. da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

1. FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.

Declarada aberta a sesión procédese a constituir a Mesa de Idade, integrada polos Sres/Sras. concelleiros/as electos de maior a menor de idade presentes no acto, e da que será secretario, o da Corporación segundo dispón o artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, quedando constituída a Mesa de Idade por D. Antonio Rodríguez Meizoso, concelleiro asistente de maior idade, e D.^a Laura Piñeiro Montes, concelleira electa de menor idade e D. José Antonio Meizoso Paz, secretario da corporación.

Seguidamente o secretario de orde do Sr. Presidente, dá lectura ás disposicións aplicables á Constitución das novas Corporacións Municipais, entre elas as contidas nos artigos 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño e artigo 37 do R.O.F.

Procédese polos membros da Mesa de Idade á comprobación das credenciais presentadas.

Sendo conformes a ditas credenciais o Sr. Presidente da mesa de idade declara constituída a Corporación Municipal do Concello da Capela, polos seguintes concelleiros/as:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ.
D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO
D.^a MONTSERRAT HERMIDA MONTERO
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN
D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

2. XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELEIROS/AS ELECTOS/AS.

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, en relación co artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, polo Secretario da Corporación procédese a dar lectura á fórmula de xuramento ou promesa, xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Xuran o cargo:

D. Manuel Meizoso López
D. Antonio Rodríguez Meizoso
D.^a Montserrat Hermida Montero
D. Emilio Riobó Piñón
D. Jaime Barcia Rodríguez

Prometen o cargo:

D.^a Laura Piñeiro Montes
D. Marcos Rodríguez Calvo
D. David Rodríguez Sanmartín
D. Santiago Meizoso Permuy

3. ELECCIÓN DE ALCALDE- PRESIDENTE.

Acto seguido polo secretario, de orde do Presidente da Mesa de Idade, dase lectura ás normas reguladoras de elección de Alcalde, contidas no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Os Sres. concelleiros que encabezan as correspondentes listas son candidatos para a elección de Alcalde-Presidente os seguintes:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ- PS de G - PSOE
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO - AIAC
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY - PP

Os Sres. concelleiros/as electos/as son chamados nominalmente pola Mesa de idade a depositar o voto na urna disposta e preparada ao efecto.

Rematada a votación, pola Mesa de Idade, procédese seguidamente ao escrutinio, que reflexa o seguinte resultado:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ - PS de G - PSOE, catro votos(6).
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO - AIAC, dous votos (2)
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY - (PP), un voto (1)

En consecuencia sendo nove o número de concelleiros/as, producíndose maioría absoluta do número legal de membros da corporación de acordo co establecido no artigo 196.2 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, polo Presidente da Mesa de idade proclámase alcalde do Concello da Capela a D. Manuel Meizoso López.

De seguido polo presidente da mesa de idade, tómaselle xuramento ou promesa de acordo co establecido no Real decreto 707/79 do 5 de abril, xurando o cargo o alcalde electo.

Polo alcalde, D. Manuel Meizoso López dálle as grazas a todos os asistentes á sesión de constitución e dí que se vai a seguir traballando polos veciños da Capela.

Agradece a colaboración amosada polos concelleiros /as de AIAC e PP no mandato anterior e dí que este novo mandato iníciase con dúas boas novas como son: a licitación do novo centro de saúde polo Sergas e a doazón ao concello por un veciño da capela, recentemente finado dunha finca de aproximadamente 2 Has. nas Neves.

Remata a súa intervención manifestando a súa promesa de seguir traballando e contando coa colaboración de todos os concelleiros /as da nova corporación municipal.

4. DAR CONTA POLO ALCALDE DA ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA E DO INVENTARIO DE BENS AO DÍA DA DATA.

Polo Sr. Alcalde entrante procédese á sinatura da acta de arqueo cos seus xustificantes bancarios que reflicte unha existencia de fondos ao día da data que ascende á cantidade de 305.805,92 €.

Así mesmo o derradeiro inventario de bens aprobado polo pleno do concello en data 28.01.2010 púxose de manifesto na Mesa de Constitución aos efectos da súa comprobación.

E non habendo máis asuntos sobre os cales deliberar, o Sr. Alcalde-Presidente dá por rematada a sesión sendo as once horas quince minutos, de todo o cal, eu secretario dou fe, coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde,

Manuel Meizoso López



O Secretario,

José A. Meizoso Paz.

